



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS  
(Pontevedra)

Expte.: 15/10-C

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 30.06.2010 adoptou entre outro so seguinte acordo:

***Primeiro.-** Elevar a definitiva a adxudicación do contrato para a subministración dun vehículo furgón para os servizos xerais do Concello á empresa INTURASA Pérez Rumbao S.A. co CIF n.º A-36122174, e domicilio no Polígono Industrial A Granxa, parcelas 62-63, en O Porriño (CP 36400) polo importe de 35.900 euros máis 5.744 de IVE, que fan un total de 41.644 € e coas seguintes condicións:*

- Prazo de execución: 2 meses.*
- Prazo de garantía: 3 anos para o vehículo completo cun máximo de 300.000 Kms a contar dende a data de recepción do vehículo.*
- As melloras descritas na súa proposición.*

*Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de condicións técnicas así como coa oferta achegada pola empresa.*

***Segundo.-** Dispoñer o gasto con cargo á partida 432.624.00 do vixente orzamento municipal.*

***Terceiro.-** Notificar este acordo ao adxudicatario emprazándoo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 1.07.2010 ás 12:00 horas na sala de comisións anexo á Alcaldía.*

***Cuarto.-** Publicar a adxudicación definitiva deste contrato no Perfil do Contratante de acordo co artigo 138.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*

***Quinto.-** Comunicar os datos básicos deste contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da LCSP.*

***Sexto.-** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de contratación e Intervención."*

O que se fai público aos efectos oportunos.

PERFIL DO CONTRATANTE